



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía de Arousa

Rúa Entrante nº7  
36600 Vilagarcía de Arousa  
Telfs: 986 566 440 – Fax: 986 566 450

# **PLAN DE CONVIVENCIA 2017-2018**

**Escola Oficial de Idiomas  
de Vilagarcía de Arousa**



## TÁBOA DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN.....	1
1.1 Xustificación e marco legal.....	1
1.2 Detección das necesidades.....	2
1.3 Organización.....	2
1.4. Método de elaboración.....	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
2.1 O centro.....	5
2.2 O alumnado.....	5
2.3 O profesorado.....	5
2.4 O persoal non docente.....	6
2.5. Órganos e funcións relacionadas coa convivencia.....	6
2.5.1. Consello escolar, claustro, comisión de convivencia.....	6
3. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	7
3.1 Composición.....	7
3.2 Atribucións.....	7
3.3. Funcionamento.....	8
4 EQUIPO DE MEDIACIÓN.....	8
4.1. Composición e obxectivos.....	8
5 PLANS DE ACTUACIÓN.....	9
5.1 Obxectivos.....	9
5.2 Liñas de actuación actuais.....	10
5.2.1 Difusión.....	10
5.2.2 Fomento.....	10
5.2.3 Formación.....	11
5.3. Liñas de actuación futuras.....	11
6. NORMAS DE CONVIVENCIA.....	12
6.1 Normas xerais.....	12
6.2 Normas específicas e protocolos.....	12
6.2.1. Comunidade educativa.....	12
6.2.2. Alumnado.....	13
6.2.3. Profesorado.....	13
6.2.4. Equipo Directivo (ED).....	13



6.2.5. Persoal non docente (PND) .....	14
6.3. Protocolos de actuación segundo as faltas.....	14
6.3.1. Xerais:.....	14
6.3.2. Específicos:.....	14
7. AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	18
7.1. Indicadores, instrumentos e criterios. ....	18
7.2. Aprobación do plan.....	19
8 BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA.....	20
9. ANEXOS.....	21
ANEXO I - GUÍA DE MEDIACIÓN - Breve folleto informativo sobre que é a mediación ..	21
ANEXO II - GUÍA DE MEDIACIÓN - Como abordar situacións difíciles? .....	22
ANEXO III - GUÍA DE MEDIACIÓN - Erros comúns dos mediadores ou mediadoras .....	23
ANEXO IV - GUÍA DE MEDIACIÓN - Rexistro do acordo para o proceso de mediación .	24
ANEXO V - GUÍA DE MEDIACIÓN - Informe das persoas mediadoras .....	25
ANEXO VI - GUÍA DE MEDIACIÓN - Formulario de seguimento do conflito.....	26
ANEXO VII - GUÍA DE MEDIACIÓN - Modelo de actas de reunión para sesións de convivencia .....	27
ANEXO VIII - GUÍA DE MEDIACIÓN - Parte de incidencias no centro .....	28
ANEXO IX - GUÍA DE MEDIACIÓN - Suxestións para a mellora da convivencia .....	29
ANEXO X - Organismos externos cos que colaboramos habitualmente na contorna. ....	30
ANEXO XI - Enquisa de fin de curso .....	31



## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1 Xustificación e marco legal

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica. Parte da Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE) e a Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, tal e como se recolle no seu artigo 121.2. Segundo este, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros docentes é a de elaborar o seu plan de convivencia, que pasará a formar parte do proxecto educativo do centro. Asimesmo, no preámbulo desta mesma norma dise que “ocupa un lugar relevante, en la relación de los principios de la educación, la transmisión de aquellos valores que favorezcan la libertad personal, la responsabilidad, la ciudadanía democrática, la solidaridad, la tolerancia, la igualdad, el respeto y la justicia”. Ademais, “se proponen el ejercicio de la tolerancia y de la libertad dentro de los principios democráticos de convivencia y la prevención de conflictos y la resolución pacífica de estos” como un dos fines do sistema educativo. Para a súa consecución, faise extensivo a tódolos niveis educativos e a tódolos membros da comunidade escolar o obxectivo de traballar “la convivencia y la relación social y ejercitarse en la resolución pacífica de conflictos”.

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (PEC). Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. Dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuación preventivas, reeducadoras e correctoras. Ademais, será ao longo dos artigos 12 ao 17 deste mesmo decreto onde se recollerán os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia e do proceso de seguimento, avaliación, mellora e difusión do plan de convivencia que cada centro deberá ter en conta na súa elaboración. A elaboración do plan de convivencia non debe entenderse como unha tarefa estritamente burocrática dos centros, senón que suporá a oportunidade dunha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenrolando para isto competencias sociais e cívicas. Debe ser un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro, de aí que sexa convinte que na súa elaboración haxa o maior consenso posible e participación da comunidade educativa.

O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia creada segundo establece a normativa ou, cando esta non estivera constituída, polo equipo directivo, e será



aprobadado polo consello escolar do centro (artigo 10.1 da Lei 4/2011), estando, polo tanto, representados tódolos sectores da comunidade educativa. Os centros docentes privados concertados elaborarán os respectivos plans de convivencia tendo en conta as súas peculiaridades. Este documento pretende valorar e incorporar aspectos de vital trascendencia como:

- Importancia do plan de convivencia e dunhas normas democráticas de convivencia.
- Adopción do carácter preceptivo da mediación como o primeiro paso para a resolución positiva de futuros conflitos no centro, previo á adopción doutras medidas de resolución tradicionais.
- Necesidades detectadas no centro en relación coa convivencia, e obxectivos que se deben recoller no plan de convivencia para darlles resposta.
- Responsables da elaboración, dinamizadores e participantes.
- Características do centro dende o punto de vista da convivencia (sociais, culturais, físicas, apertura ao entorno, recursos...).
- Aspectos relevantes sobre os principais conflitos ou alteracións da convivencia no centro (causas, implicados, incidencia na vida no centro, estratexias de actuación ante estes, implicación na súa xestión e resolución).
- Protocolos de actuación ante alteracións da convivencia (conciliación, mediación, acoso...). Posibilidade da existencia dun aula de convivencia inclusiva.
- Relacións entre os membros da comunidade educativa e colaboración na elaboración do plan de convivencia. Posibilidade de creación dunha escola de nais e pais.
- Actuacións e/ou experiencias favorables á convivencia no centro e outras posibles iniciativas de mellora (lugares, tempos, responsables, coordinación, recursos...): traballo cooperativo, talleres de aprendizaxe, formación do profesorado, innovación educativa, currículo da non-violencia, educación para a convivencia e cultura da paz, transversalidade...
- Comisión de convivencia (composición, funcións, constitución, actividades, dinamización, infraestrutura e recursos, periodicidade das reunións, actuacións e responsabilidades).
- Relación do plan de convivencia con outros documentos (PEC, NOF, PAT e PAD, principalmente).
- Difusión, seguimento, avaliación e mellora do plan.

## 1.2 Detección das necesidades

Enmarcado no contexto do plan de formación que a Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía iniciou no ano académico 2016-2017, este grupo de traballo céntrase en dar resposta a unha das necesidades detectadas no centro: a carencia dun Plan de Convivencia.

## 1.3 Organización

A creación dun grupo de traballo específico en convivencia para dar saída á elaboración do Plan de Convivencia, quere por de manifesto o compromiso da Escola para a creación dun plan que non se limitase á redacción dun documento burocrático, senón que fose máis alá na



planificación e posta en marcha dun proxecto de centro máis global co fin de ter implantada a convivencia positiva a tódolos niveis de centro para o ano 2019.

O grupo de traballo en convivencia estrutúrase *grosso modo* en dous grandes bloques atendendo ós seus obxectivos e planificación temporal. Neste primeiro ano académico 2017-2018, o grupo de traballo centrouse no relacionado coa liña de traballo de “aprender a convivir”. Para iso era preciso aprender e desenvolver conceptos relacionados coa convivencia positiva e a mediación. Dada a importancia da convivencia no centro e a grande cantidade de horas que se comparten neste espazo, resulta de vital importancia formar ó profesorado neste senso e atopar entre os membros do claustro á persoa ou persoas idóneas para desempeñar os roles de mediadores, e propiciar así a convivencia entre tódolos colectivos da comunidade educativa. Neste primeiro ano, o obxectivo, ademais da formación en convivencia, era a elaboración e redacción do Plan de Convivencia do centro, cuxa elaboración detallaremos no seguinte apartado.

Ademais do obxectivo da redacción do Plan de Convivencia propiamente dito, debido á concepción do grupo de traballo como un catalizador para a adopción dunha convivencia positiva a nivel de centro, existe un obxectivo fundamental que é o análise do impacto desta convivencia no centro e na aula. Para iso, este grupo de traballo fundaméntase cun sentido de continuidade, de maneira que no ano académico 2018-2019 traballaremos para lograr a segunda fase de implantación da convivencia positiva no currículo de aula e analizaremos e compararemos os resultados obtidos nesta primeira fase de análise da realidade do centro.

#### **1.4. Método de elaboración**

O grupo de traballo organizouse á principios do curso 2017-2018 e nel inscribíronse os docentes interesados no primeiro claustro do ano: Sonia Fernández, Marta Gago, María Dolores González, María Isabel Iglesias, Roberta Maschi, María Luisa Rodríguez e Verónica Vázquez. Porén, non foi até o mes de febreiro cando deu inicio a docencia e a organización do traballo propiamente dita. A coordinación do grupo de traballo recaeu en Marta Gago, debido á súa formación en mediación e Educación Intercultural, polo Máster en Educación Intercultural da UNED, entre outros cursos de mediación. Detallárase a continuación o método de traballo e a elaboración deste Plan de Convivencia.

Cunha duración de 20 horas a repartir entre docencia, traballo autónomo e sesións de traballo presenciais, a coordinadora do grupo de traballo considerou esencial priorizar ó comezo do mesmo as sesións de docencia en mediación. Nas tres sesións de dúas horas de docencia, traballáronse contidos como que é a mediación, o papel do mediador ou mediadora, as habilidades para unha comunicación eficaz: escoita activa e comunicación, así como a experimentación da mediación en primeira persoa mediante simulacións de casos de conflito. Nestas sesións, asemade, fíxose fincapé na parte de lexislación en materia de convivencia pola cal debemos rexer a elaboración deste Plan de Convivencia. Compre mencionar que da bibliografía que se traballou para esta primeira parte do traballo de docencia sobre mediación destacan as directrices que se atopan no manual para a formación de mediadores coordinado por Juan Carlos Torrego, *Mediación de conflictos en instituciones educativas: manual para formación de mediadores*.



Na segunda fase do grupo de traballo, trala formación en mediación, demos prioridade á elaboración do plan de convivencia mediante a adopción dun enfoque orientado ó desenvolvemento de proxectos. Para iso, a coordinadora do grupo de traballo baseouse nos procesos detallados no manual *El plan de convivencia: fundamentos y recursos para su elaboración y desarrollo*, tamén de Juan Carlos Torrego. Cómpre dicir que este manual está pensado para a súa aplicación nun amplo espazo de tempo, polo que debeu ser simplificado para facelo operativo coa temporalidade da que se dispoñía no caso que nos ocupa. Así, traballamos en tres subfases principais: 1) análise da realidade e elaboración de enquisas, 2) pilotaxe e análise dos resultados, 3) táboa de fortalezas e debilidades e redacción do borrador do plan. Pasaremos a analizar someramente cada unha delas.

### **1. Fase de análise da realidade e elaboración das enquisas.**

Debido ó carácter global do plan de convivencia, o grupo de traballo tiña moi claro dende un primeiro momento a natureza global que se lle quería dar a este proceso. Para iso se tiña que partir da realidade do centro. Fixemos unha autoavaliación do centro en base a catro descritores (organización, relacións, convivencia e currículo) para extraer información sobre qué facemos, cómo o facemos, qué non facemos. Asemade, decidimos que a maneira máis eficiente de analizar o centro para o corto tempo do que dispoñiamos era a través da elaboración de enquisas para involucrar ós tres colectivos presentes no centro: ó alumnado, ó profesorado e ó persoal non docente. Nesta primeira fase, tamén fixemos explícito o centro ó que aspiramos en termos de convivencia mediante a elaboración duns mini-muros dos soños.

### **2. Fase de pilotaxe e análise dos resultados.**

Trala pilotaxe das enquisas entre os tres colectivos representados, analizamos os resultados mediante unha táboa de fortalezas e debilidades de centro. Esta táboa de fortalezas e debilidades dividiuse á súa vez en dúas: obxectivos do grupo de traballo e obxectivos do Equipo Directivo. As cuestións que se relacionaban directamente co fomento da convivencia serán incluídas neste Plan de Convivencia. As enquisas solicitaban información sobre que consideraba ou consideraría a comunidade educativa do centro como unha norma de convivencia que debésemos incluír no Plan. O grupo de traballo clasificou estas propostas en temática e relevancia para o noso contexto en particular.

### **3. Táboa de fortalezas e debilidades e redacción do borrador do plan.**

A táboa de fortalezas e debilidades resultante da fase anterior é a base sobre a cal o grupo de traballo, de maneira individual pero conxunta, comeza a elaboración deste Plan de Convivencia, cuxa finalización e posterior presentación e aprobación perante ó claustro do centro está programada para as primeiras semanas do mes de maio de 2018. Agardamos que este Plan sexa un fiel reflexo do centro que todos e todas desexamos ter e que a convivencia positiva non sexa un concepto illado, senón unha realidade no día a día de aula e de interacción social da nosa Escola.



## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

### 2.1 O centro

A Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no que impartimos ensinanzas de réxime especial, concretamente os idiomas alemán, francés, inglés, italiano e portugués. O noso centro foi creado polo Decreto 144/1987, de 4 de xuño e autorizado pola Orde de 16 de setembro de 1987 (DOG 8 de outubro).

Réxese polos principios constitucionais de igualdade, liberdade, xustiza, pluralismo, respecto á dignidade e dereitos da persoa, aconfesionalidade e non discriminación.

Atópase nunha contorna urbana que permite á comunidade un fácil acceso ás instalacións do noso centro. Trátase dunhas instalacións novas, funcionais e con moita luminosidade nos espazos comúns, que se encontra distribuída en 3 plantas. Na planta baixa conta coa biblioteca, salón de actos, conserxería, secretaría, dirección, 3 aulas medianas (con capacidade para 25 persoas) e xa nun anexo ó edificio contamos tamén cunha cafetería que ven a ser un espazo común de diálogo e intercambio entre alumnado, profesorado e persoal non docente.

No resto de plantas atoparemos as 16 aulas restantes (dúas delas no segundo andar equipadas con computadores como aula multimedia e informática) e os 5 departamentos, un por lingua e a sala de recursos que se trata dun espazo de traballo máis creado tamén como punto de encontro, intercambio e diálogo entre o profesorado. Os espazos son cómodos e permiten o traballo colaborativo entre parellas e grupo.

O centro permanece aberto en horario continuado dende as 9.00 ás 21.30 horas.

### 2.2 O alumnado

O noso alumnado caracterízase por seren moi heteroxéneo no tocante á idade - maioritariamente adulto-, á ocupación, á extracción social, á formación e á motivación. Predominan as mulleres sobre os homes e na actualidade o número de matrículas oficiais supera as 1.100 repartidos non só nas cinco linguas dos tres niveis que se imparten nas escolas de idiomas, senón tamén inclúen o nivel C1, por exemplo en inglés e os CALC (cursos de adecuación lingüística e comunicativa) dirixidos ao profesorado e organizados polos Centros de Formación e Recursos da Xunta de Galicia. Como non podía ser doutro xeito o maior volume de alumnado corresponde ao inglés.

### 2.3 O profesorado

O claustro está composto por 23 profesores e distribúese do seguinte xeito: 3 profesores no departamento de alemán, 3 do departamento de francés, 3 no departamento de portugués, 12 profesores no departamento de inglés e 2 no departamento de italiano.





Dos 23 docentes, tan só 7 teñen destino definitivo no centro. Dos restantes 16, 4 son funcionarios con destino provisional aínda que pertencentes ó corpo de secundaria e non ó de profesores de escolas de idiomas. Sen embargo, dous dos catro docentes provisionais levan uns anos repetindo destino connosco. Os 8 restantes son interinos/substitutos. Este feito posibilita a organización e planificación de actividades e proxectos en todo caso a corto ou medio prazo, aínda que a longo prazo dificulta bastante o desenvolvemento, a pesares do compromiso da meirande parte deles durante a súa estancia no centro. Ademais o 40% do claustro mais ou menos reside fora da zona do Salnés o que condiciona bastante a participación en actividades fora do horario lectivo e o contacto co alumnado e outro profesorado fóra e dentro do centro.

Cada departamento ten o seu espazo independente e ademais compártese espazo de traballo, intercambio e diálogo na sala de recursos e a sala de profesores (actualmente usada de almacén de recursos tecnolóxicos a desbotar).

A oferta educativa, que está maioritariamente distribuída en aulas de 90 minutos de duración, dificulta tamén que o profesorado coincida cos compañeiros, intercambie opinións e se reúna con outros membros da comunidade educativa, polo que dende o curso 2016/2017 estamos levando a cabo un plan de formación permanente do profesorado cunha duración de catro anos en total coa finalidade, entre outras de propiciar o encontro e intercambio entre os membros do claustro.

## **2.4 O persoal non docente**

O persoal administrativo e de servizos do centro consta de 4 membros repartidos do seguinte xeito: unha administrativa, dúas conserxes, e dous membros do persoal de limpeza. Tan só 3 teñen destino definitivo no centro.

Dado que a maior parte das veces o primeiro contacto dos usuarios co centro é a través deste persoal, resulta de vital importancia que o persoal non docente contribúa tamén a crear un clima de boa convivencia, respecto e tolerancia, polo que se convidou a este persoal non docente a contribuír e participar tanto na elaboración como na formación deste plan de convivencia.

## **2.5. Órganos e funcións relacionadas coa convivencia.**

### **2.5.1. Consello escolar, claustro, comisión de convivencia.**

O consello escolar está formado polo director, xefa de estudos, tres representantes do profesorado, dous representantes de alumnado e un representante do persoal non docente.

A colaboración e inclusión de toda a comunidade educativa é fundamental para levar a cabo o plan de convivencia poñendo énfase na intelixencia emocional e intrapersoal de tódolos membros. Neste senso e como se estipula no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro no seo do consello escolar constituirase a Comisión de convivencia que estará conformada polos representantes de cada un dos grupos que conforman a comunidade (director, profesorado, alumnado, persoal non docente). As súas funcións inclúen se detallan na sección correspondente máis adiante neste documento.



O resto do claustro, pola súa parte, comprometerase a fomentar unha boa convivencia tanto en relación aos compañeiros, alumnado e persoal non docente, ademais de informar e seguir estritamente os protocolos de actuación recollidos neste plan de convivencia.

### **3. COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

#### **3.1 Composición**

Seguindo as directrices establecidas na normativa vixente (Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro), a comisión de convivencia constituirase no seo do seu Consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes que actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

#### **3.2 Atribucións**

É tarefa da Comisión de Convivencia:

- Dinamizar o plan de convivencia do centro e todos os sectores da comunidade educativa.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia, especialmente co equipo de mediación.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia, recompilando tamén os datos resultantes da enquisa de finais de curso,



coa finalidade de seren incluídas na revisión do anual do plan de convivencia e do NOF de seren preciso.

- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar para a súa distribución unha enquisa final de curso 2018-2019 de avaliación do plan de convivencia, dirixida a tódolos membros da comunidade educativa, co seu posterior análise.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

En calquera caso a memoria anual da Comisión de Convivencia debería incluír as conclusións da avaliación, concretamente:

- os obxectivos acadados;
- as actividades realizadas;
- as actuacións adoptadas en situacións que requiriron mediación, adaptación dos recursos
- ou calquera outro tipo de intervención;
- os contactos mantidos coas institucións colaboradoras
- as propostas de actividades e de melloras para o curso seguinte.

### 3.3. Funcionamento

Segundo a lexislación vixente, a Comisión de Convivencia deste centro manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e todas as que sexan necesarias con carácter extraordinario, nas que valorará a consecución dos obxectivos propostos no plan, as medidas a adoptar nos casos que requiran intervención, e o desenvolvemento das actividades propostas para o fomento da boa convivencia.

## 4 EQUIPO DE MEDIACIÓN

### 4.1. Composición e obxectivos

A partires do curso académico 2018-2019 porase en marcha un Equipo de Mediación, que estará integrado na Comisión de convivencia do Consello Escolar. Idealmente os integrantes do grupo de traballo en convivencia pasarían a formar parte deste primeiro Equipo de Mediación. Este Equipo de Mediación estará aberto a aquelas persoas da comunidade educativa interesadas en materia de convivencia e mediación.

Ademais, entroncado coas liñas de actuación do ano que vén, espérase que trala publicidade sobre a mediación que levaremos a cabo dende o mes de setembro de 2018 en diante,



logremos pór en funcionamento un grupo de traballo con docencia e formación en mediación, ó cal poderán pasar parte membros da comunidade educativa que poidan ser formados con vistas á continuidade da súa permanencia no Equipo de Mediación.

Entre os obxectivos do Equipo de Mediación estarán os seguintes:

- Fomentar o diálogo como forma habitual dos membros da comunidade educativa
- Formar e manter un equipo de mediadores competentes coas habilidades e destrezas necesarias para resolver, na medida do posible, os conflitos que poidan xurdir na comunidade educativa
- Previr os conflitos.
- Crear estilos de resolución de conflitos que non conduzan á sanción disciplinaria e/ou o enfrontamento entre as partes.
- Favorecer o intercambio de experiencias e a comprensión entre alumnado procedente de diferentes culturas.
- Fomentar a difusión, fomento e formación do Plan de Convivencia.
- Coordinarse coa Comisión de Convivencia no seno do Consello Escolar.

## 5 PLANS DE ACTUACIÓN

### 5.1 Obxectivos

O Plan Xeral de Convivencia ten como obxectivo fundamental establecer unha boa convivencia entre a comunidade educativa dun centro. Este plan debe ser impulsado, establecido, coñecido, valorado e avaliado a través de tódolos membros desa comunidade: profesorado, equipo directivo, persoal non docente e alumnado.

Como obxectivos específicos cómpre destacar os seguintes aspectos:

- Concienciar e facer reflexionar á comunidade educativa que un bo ambiente de traballo e de centro facilita a actividade laboral e o proceso de aprendizaxe por parte do alumnado.
- Integrar o principio de convivencia positiva, tanto na aula coma no centro e na súa organización.
- Fomentar a convivencia a través de diversas actividades (culturais, complementarias, etc.) que impliquen á comunidade educativa.
- Establecer dende o centro unhas normas de boa convivencia, tipificar as condutas contrarias a estas e establecer as sancións que se estimen oportunas.
- Establecer un equipo mediador e delimitar as súas funcións.
- Fixar estratexias de mediación para a resolución de conflitos.
- Promover o respecto á diversidade dentro da comunidade educativa.
- Respalda e respectar a figura e labor do profesor ou profesora, especialmente no caso de contravención das normas recollidas neste plan de convivencia e no NOF.
- Fomentar a colaboración entre o centro, familias e institucións da contorna co fin de conseguir unha mellora de convivencia na escola.



## 5.2 Liñas de actuación actuais

Para dar a coñecer o Plan de Convivencia, é preciso destacar tres liñas de actuación:

### 5.2.1 Difusión

A difusión do Plan de convivencia debe establecerse mediante os seguintes ámbitos:

- Publicación do mesmo na páxina web, nos departamentos e na biblioteca do centro.
- Envialo para a súa aprobación ó claustro.
- Publicitalo a través de carteis informativos nas aulas e nos corredores.
- O profesorado debe informar ao alumnado da existencia do mesmo.
- Publicación no NOF.

### 5.2.2 Fomento

É moi importante o fomento dunha convivencia positiva a través de diversas actividades, tanto no centro coma na aula, para establecer un ambiente cordial en toda a comunidade educativa:

- Unha **inauguración de curso** para toda a escola con material informativo do funcionamento da EOI e información que poida ser de interés para o alumnado.
- **Acollida do novo alumnado** nos primeiros días de clase e facer unha presentación na aula ou facilitar unha folla informativa unificada sobre o funcionamento xeral da escola: biblioteca, cafetería, laboratorios, profesorado, etc.
- **Acollida do novo persoal docente e non docente:** o persoal novo que se incorpore á escola, debe recibir un pequeno curso formativo sobre o funcionamento da escola para facilitar o comezo do seu traballo (normas a seguir, loxística do centro, fotocopias, materiais diversos, funcionamento da biblioteca, etc.).
- **Acollida de asistentes lingüísticos:** no caso de ser adxudicado algún/ha asistente lingüístico ao centro, o equipo directivo debería enviar un correo electrónico de benvinda con axuda que poida ser necesaria: a súa chegada e incorporación ao centro, aloxamento (no caso de que fose necesario, durante uns días na vivenda do profesorado dispoñible), información sobre o centro e a cidade, posible axuda nas xestións burocráticas (solicitud de NIE, apertura dunha conta bancaria, etc.). Ao final de curso, e con motivo da súa despedida, deberíase incluír unha cea e un agasallo de agradecemento.
- **Reunións:** as diversas reunións que se poidan levar a cabo nun mesmo centro, tales como reunións de coordinación, de departamento, claustros, CCP, de Consello Escolar, etc., son unha forma interesante de manter informados aos membros da comunidade educativa e tamén para escoitar opinións e posibles suxestións, para mellorar a convivencia e o bo funcionamento do centro.
- **Participación en proxectos de centro, europeos,** etc.: débese informar nos claustros dos posibles proxectos de centro que estarán incluídos na Programación xeral anual de centro e fomentar a participación do profesorado. Idealmente, para o ano 2018-2019 se porá en funcionamento un grupo de traballo en convivencia, que podería estar aberto á tódalas aquelas persoas interesadas da comunidade educativa, co fin de formar a posibles integrantes do Equipo de Mediación.
- **Difusión do Plan de Convivencia:** que se levará a cabo principalmente polo Equipo de Mediación, en coordinación coa Comisión de Convivencia, iniciándose esta difusión a partires do mes de setembro de 2018, para o curso 2018-2019. A difusión do mesmo inclúe entrega ó claustro para a súa lectura e a tódolos membros da da



comunidade educativa, impresión de folletos e ou cartaces na escola, información nas aulas, charla sobre mediación no Salón de Actos,

- **Traballar a convivencia na aula como parte do currículo:** como horizonte para finalizar a formación e o fomento da convivencia, agárdase poder levar a convivencia positiva ás aulas, traballando unha metodoloxía de corte máis cooperativo e participativo, fomentando unhas relacións máis horizontais de natureza profesor-alumnado, alumnado-alumnado.
- **Xornadas gastronómicas:** *Oktoberfest, festa de Nadal, busca de ovos de Pascua, show cooking etc.* A escola debe organizar, segundo datas sinaladas, degustación de produtos típicos dos países da lingua de estudo de cada departamento, así como a recollida de alimentos con motivos solidarios (Operación Kilo), concurso de receitas, sorteo de cestas de Nadal, o diñeiro recadado na venda de rifas para o sorteo das cestas vai destinado cada ano a unha asociación benéfica da contorna ou calquera outra **actividade con fins solidarios.**
- **Clubes de lectura:** estes clubs de lectura son un interesante punto de encontro entre persoas que comparten a afección da lectura e un interese por unha lingua en concreto. Por iso é interesante que no centro se organicen clubs de lecturas nos distintos departamentos.

### 5.2.3 Formación

Para a prevención de conflitos e a mediación é fundamental formar á comunidade educativa a través de cursos, charlas ou xornadas. A comunidade educativa debe poder ter á súa disposición fichas de suxestións, así como fichas de avaliación da atención recibida no caso dun conflito. Estas deben ser analizadas por un Observatorio de Convivencia, que fará unha análise das mesmas a finais de curso. Modelos de esta documentación se inclúen na sección de anexos a este plan.

### 5.3. Liñas de actuación futuras

Para os vindeiros anos, idealmente con inicio no ano académico 2018-19, este Plan de convivencia pretende adoptar unha perspectiva máis global, pasando de ser un documento meramente preceptivo, a incluír todo un enfoque curricular e metodolóxico no centro. Agárdase que no ano académico 2018-2019 traballemos para lograr a segunda fase de implantación da convivencia positiva no currículo. Para iso, a modo de folla de ruta, inclúense a continuación as seguintes actuacións:

1. A **elaboración dun currículo de conflito:** valores, educación emocional, habilidades sociais, comunicación, negociación e mediación; toma de decisións.
2. Flexibilización curricular e **atención á diversidade**, na medida en que a lexislación o permite para os estudos de réxime especial.
3. A adecuación da metodoloxía para favorecer á interacción profesor-alumno, alumno-alumno: **priorización das metodoloxías cooperativas.**
4. A creación de **programas específicos a nivel de centro** para a mellora da convivencia: prevención de calquera tipo de discriminación, poñendo especial fincapé nas discriminacións por razón de capacidade ou nivel de mobilidade, de raza e de xénero, previndo as violencias asociadas a estas discriminacións.



## 6. NORMAS DE CONVIVENCIA

### 6.1 Normas xerais

Tal e como recolle o **capítulo V do NOF** (Normas de Organización e Funcionamento) do noso centro, as normas de convivencia para toda a comunidade educativa son as seguintes:

“En asuntos disciplinarios, o **profesorado e o persoal non docente** están suxeitos aos correspondentes réximes disciplinarios establecidos, ben nas leis aplicables ao funcionariado da comunidade galega, ben nos convenios colectivos do persoal laboral. O **alumnado** estará suxeito ao disposto na lei 4/2011 do 30 de Xuño do DOG 15 de xullo do 2011 sobre dereitos e deberes do alumnado e aprobado nestas NOF. No caso de xurdir condutas prexudiciais para a convivencia recollidas na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e participación da comunidade educativa aplicaranse as correccións necesarias, sempre cun carácter educativo e procurando a mellora da convivencia no centro.

Segundo a normativa vixente, está prohibido fumar en todo o recinto do centro educativo. Os teléfonos móbiles e outros aparellos eléctricos deberán apagarse antes de entrar na aula para evitar interrupcións e molestias para o normal desenvolvemento da clase e especialmente durante os exames. En época de exames os alumno/as non esperarán nos corredores, escaleiras ou diante das aulas, senón nas aulas de espera sinaladas para non molestar ao alumnado que está a facer exames.

Ademais das papeleiras en cada aula e espazos comúns, existen no centro contedores de pilas usadas e diante da escola un colector de papel e cartón. Como base para respectar os espazos comúns, profesores e alumnado deben deixar as aulas como as atopan, limpas (isto inclúe borrar os encerados antes da seguinte sesión), en orde sen descolocar substancialmente a colocación de mesas e cadeiras, non alterar o volume dos altosfalantes, e lembrarse de pechar fiestras e persianas á última hora”. Convén matizar a estas normas do NOF o uso de dispositivos electrónicos, que non se deberán usar, agás naqueles casos nos cales sexan requiridos pola metodoloxía de aula.

### 6.2 Normas específicas e protocolos

#### 6.2.1. Comunidade educativa

Toda a comunidade educativa (A, P, ED, PND) deberá comprometerse a:

- coidar a hixiene persoal e a indumentaria;
- ter presentes as normas básicas de educación e habilidades sociais (saudar, agradecer, desculparse...);
- ter en máxima conta os valores de respecto, tolerancia, diálogo e igualdade;
- aborrecer e denunciar calquera forma de agresión ou acoso físico e psíquico, prevaricación, sexismo, racismo e discriminación grave;
- rexeitar e denunciar eventuais intentos de difamación, sexa a dano de alumnos, profesorado ou persoal non docente;
- contribuír ao mantemento da orde e limpeza, facendo un uso correcto das instalacións e dos materiais do centro.



### 6.2.2. Alumnado

O alumnado terá que comprometerse a:

- respectar a figura e a labor da profesora ou profesor conforme á Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa, a cal no seu artigo 124 establece que “o equipo directivo e os profesores e profesoras serán considerados figura de autoridade pública”.
- respectar as decisións que tome o profesorado sobre cuestións académicas/metodolóxicas, podendo exercer críticas construtivas, pero sen cuestionar as capacidades docentes;
- respectar a opinión de compañeiras e compañeiros, sempre que non sexa contraria ás normas básicas de convivencia (respecto, tolerancia, diálogo, igualdade);
- manter unha actitude positiva de cara á aprendizaxe, colaborando con profesores e compañeiros;
- colaborar con aqueles compañeiros e compañeiras que teñan dificultades de calquera tipo relacionadas co proceso de aprendizaxe, desde o respecto á especificidade de cada un (distintos ritmos e maneiras de aprender?);
- respectar o espazo físico da aprendizaxe e do centro en xeral, deixándoo limpo e ordenado como se atopou ao entrar e recolocando, se fai falta, mesas e cadeiras no lugar que lles corresponde;
- de cara ao uso do móbil e demais aparatos tecnolóxicos, aterse ás regras establecidas nas normas xerais e no propio NOF: *uso didáctico de instrumentos tecnolóxicos de propiedade dos alumnos. As tecnoloxías, incluso as que traian os propios alumnos, poden incorporarse á clase para enriquecela, aportando contidos de xeito máis chamativo, ou variar o foco de atención... sempre que non se faga do móbil un uso inapropiado, é dicir alleo ao que se está a traballar na aula. Estará prohibido o seu uso durante as probas de avaliación e as actividades extraescolares.*

### 6.2.3. Profesorado

O profesorado terá que comprometerse a:

- respectar a todos os demais membros da comunidade educativa no exercicio do seu labor;
- ser puntual na entrada e saída das clases e das actividades;
- avisar previamente o centro en caso de ausencia ou de atraso;
- de cara ao alumnado, favorecer un ambiente de clase cordial e agradable, animado por un espírito positivo de cara á aprendizaxe;
- evitar absolutamente favoritismos ou actitudes distintas de cara aos alumnos (evitar tanto as discriminacións positivas canto, por suposto, as negativas);

### 6.2.4. Equipo Directivo (ED)

O equipo directivo terá que comprometerse a:

- velar polo respecto das normas de convivencia no centro por parte de toda a comunidade educativa;
- manter unha comunicación fluída en todo momento coas distintas partes da comunidade educativa;
- respectar e poñer en valor o labor e o esforzo do profesorado e do persoal non docente;





- evitar absolutamente favoritismos ou actitudes distintas de cara ao profesorado (evitar tanto as discriminacións positivas canto, por suposto, as negativas);
- asegurar que o centro non sexa unha “illa” na realidade local, fomentando e facilitando as relacións coa sociedade do propio contexto, incentivando a colaboración tanto con outras institucións como con antigos alumnos.

### 6.2.5. Persoal non docente (PND)

O persoal non docente terá que comprometerse a:

- respectar a todos os demais membros da comunidade educativa no exercicio do seu labor;
- ser puntual;
- avisar previamente o centro en caso de ausencia ou de atraso;
- desempeñar o seu labor con precisión e profesionalidade.

## 6.3. Protocolos de actuación segundo as faltas

### 6.3.1. Xerais:

1. Tentarase resolver calquera conflito que xurda a través do diálogo, en primeira instancia. Sempre que non se trate dunha agresión directa, física ou verbal (insultos e faltas de respecto graves) caso no que sería denunciado ó Equipo de Mediación ou no seu caso, ás autoridades competentes e, polo tanto, fóra da competencia do centro en materia de convivencia.
2. Cando nun conflito estean involucrados menores de idade, haberá que avisar as familias, segundo a natureza e a gravidade do propio conflito
3. Cando un conflito, solucionable entre as persoas afectadas, requira porén a intervención dunha figura mediadora, esta deixará constancia escrita a través do **módulo dispoñible en Anexo IV do presente documento.**
4. Na columna “Intervención de...” referímonos coa sigla ED a calquera membro do equipo directivo, agás cando se trate dun conflito xerado polo propio ED, onde haberá que distinguir entre o ED como entidade e o ED no sentido de “membro do mesmo”.
5. Haberá casos en que un conflito sexa xerado por distintas partes da comunidade educativa no mesmo tempo. Nestes casos, procederase segundo canto indica o protocolo de mediación.

### 6.3.2. Específicos:

Nas seguintes táboas detállanse os protocolos de actuación segundo os distintos tipos de conflito e quen os xera.

**Conduta contraria ás normas xerais**

<b>Tipo de conflito</b>	<b>Intervención de... (en orde)</b>	<b>Medidas</b>
Falta de hixiene persoal e/ou indumentaria inadecuada Falta das normas básicas de educación	Profesorado ou ED	Reflexión privada sobre as pautas comunmente aceptadas.
Falta de respecto (leve)	Profesorado ou ED	Dialogar coas persoas afectadas
Falta de respecto grave (discriminación, acoso, difamación)	Mediador(a). Familias. ED. Autoridades. (Policía, Garda Civil)	Dialogar e mediar coas persoas afectadas. En caso de menores, contactar coas familias. De non resolverse o conflito, ou de ser moi grave, invitar ás persoas afectadas a dirixirse ás autoridades.
Agresión física ou verbal (insultos, faltas de respecto graves)	Autoridades competentes	Aviso ás autoridades competentes. Aviso ás familias, en caso de menores involucrados.

**Conduta contraria por parte do alumnado**

<b>Tipo de conflito</b>	<b>Intervención de... (en orde)</b>	<b>Medidas</b>
Falta de respecto ao profesorado, aos compañeiros/as ou ós membros do PND de tipo <b>leve</b> (falta de colaboración, de actitude positiva, falta mal disimulada de respecto ás opinións dos demais...)	Persoas afectadas; Mediador(a) ED	Dialogar e mediar coas persoas afectadas. Dependendo da gravidade, pedir a intervención dunha figura mediadora e, en última instancia, dun cargo superior.
Falta de respecto ao profesorado, aos compañeiros/as ou ós membros do PND de tipo <b>grave</b> (falta de empatía, actitude de menosprezo, falta de respecto ostentada e repetida sobre os demais, machismo, racismo...)	Persoas afectadas e mediador(a); Familias ED	Dialogo entre as persoas afectadas en presenza dunha figura mediadora. En caso de menores, contactar coas familias. De non resolverse, pedir a intervención dun cargo superior.



Falta de respecto de cara á metodoloxía do profesor ou profesora	Persoas afectadas; Mediador(a) ED	O profesor, ou profesora, intentará dialogar coa(s) persoa(s), ao rematar a clase ou en outro horario. De non resolverse o conflito, intervirá un mediador, e, en última instancia, un cargo superior.
Falta de respecto ou dúbidas xeradas ou creadas ó respecto das capacidades docentes dun profesor ou profesora	Persoas afectadas; Mediador(a) ED	O conflito deberá ser intervido en primeira instancia co diálogo. De non resolverse, intervirá un mediador, e, en última instancia, un cargo superior.
Falta de respecto ao espazo físico (deixar as aulas sucias ou desordenadas, mal uso intencionado do material ou instalacións do centro)	Profesorado; ED	Chamada de atención pública e privada. De repetirse o problema, pedir a intervención dun cargo superior.
Uso do móbil e demais aparellos contrario ás normas establecidas.	Profesorado; ED	Chamada de atención pública e/ou privada. De repetirse o problema, pedir a intervención dun cargo superior.
Comportamento inadecuado nos espazos comúns durante o horario lectivo ou as probas de avaliación	Profesorado; ED	Chamada de atención pública. De repetirse o problema, pedir a intervención dun cargo superior.
Falta de puntualidade reiterada e inustificada na entrada e saída das aulas	Profesorado (e familias)	Chamada de atención privada. No caso de menores, avisar as familias.
<b>Conduta contraria por parte do profesorado</b>		
<b>Tipo de conflito</b>	<b>Intervención de... (en orde)</b>	<b>Medidas</b>
Falta de puntualidade reiterada e inustificada na entrada e saída das aulas	ED	Chamada de atención privada.
Ausencias ou atrasos sen previo aviso	ED Inspección educativa.	Chamada de atención privada. De repetirse ou prolongarse no tempo sen xustificación, o ED recorrerá á Inspección Educativa.



Incapacidade ou dificultade para establecer un ambiente de clase agradable e positivo	Mediador(a) ED	Dialogar cunha figura mediadora e, en última instancia, pedir a intervención dun cargo superior.
Favoritismos na aula /discriminación (negativa ou positiva)	Mediador(a) ED	Dialogar cunha figura mediadora e, en última instancia, pedir a intervención dun cargo superior.
<b>Conduta contraria por parte do equipo directivo (ou dun membro del)</b>		
<b>Tipo de conflito</b>	<b>Intervención de... (en orde)</b>	<b>Medidas</b>
Falta de comunicación de cara ao resto da comunidade educativa	Persoas afectadas; Mediador(a)	Diálogo entre o ED e as persoas afectadas, coa intervención de mediadores, se necesario.
Falta de empatía de cara ao profesorado e/ou ao persoal non docente (menosprezar o labor dos demais membros da comunidade educativa)	Persoas afectadas; Mediador(a)	Diálogo entre o ED e as persoas afectadas, coa intervención dunha figura mediadora, se necesario.
Favoritismos no centro /discriminación (negativa ou positiva) de cara ao profesorado	Persoas afectadas; Mediador(a) Demais membros do ED	Diálogo entre o ED e as persoas afectadas, coa intervención dunha figura mediadora, se necesario
Falta de colaboración á hora de ofrecer espazos ou medios para actividades, reunións.	Persoas afectadas; Mediador(a) Demais membros do ED	Diálogo entre o ED e as persoas afectadas, coa intervención dunha figura mediadora, se necesario
<b>Conduta contraria por parte do persoal non docente</b>		
<b>Tipo de conflito</b>	<b>Intervención de... (en orde)</b>	<b>Medidas</b>
Falta de puntualidade reiterada e inustificada	ED	Chamada de atención privada.
Ausencias ou atrasos sen previo aviso	ED	Chamada de atención privada.
Falta de profesionalidade á hora de desempeñar o seu labor	ED	Chamada de atención privada.



## 7. AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

### 7.1. Indicadores, instrumentos e criterios.

A avaliación deste plan de convivencia será continua e procesual e debería ter en conta os seguintes **indicadores** de logro:

- Plan deseñado e implementado (2018/2019)
- Ferramenta/s elaborada/s e testada/s.
- Tempo de desenvolvemento do Plan.
- Nº de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- Nº de accións e tipoloxía das mesmas.
- Nº de guías e ferramentas distribuídas á comunidade educativa e tipoloxía das mesmas.
- Nº de accións formativas realizadas segundo temática e contidos.
- Nº de participantes.
- Grao de satisfacción das participantes coas actividades.
- Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- Nº de actividades e tipoloxía de implementación na aula ou outras iniciativas xeradas a partir da formación. Metodoloxía empregada e tratamento curricular.
- Nº de faltas e tipoloxía e accións levadas a cabo para subsanalas, coa conseguinte revisión de actas do equipo de mediación.
- Nº de cuestionarios de avaliación remitidos e analizados.
- Cantidade, pertinencia e calidade da información obtida mediante a ferramenta.
- Satisfacción, dificultades atopadas e melloras detectadas polos/as participantes.

Con esta finalidade a Comisión de Convivencia establecerá o procedemento para realizar un estudo da repercusión do plan na convivencia do centro (enquisas dende o enfoque de tódolos representantes da comunidade educativa para avaliar e recompilar datos de cara á memoria anual) e facer chegar as conclusións a finais do curso 2018-2019 despois da súa implementación.

Os **instrumentos** de avaliación incluírán: enquisas, libros de actas e observación directa. Así como cuestionarios e/ou fichas de recollida de información.

En canto aos **criterios** de avaliación debería facerse unha distinción entre os diferentes ámbitos de aplicación do plan:

#### 1. Criterios en relación coa contorna social:

- Relacións entre o centro educativo e as institucións do entorno.
- Relacións con institucións relevantes para o alumnado.
- Actividades culturais coas institucións sociais.
- Adecuación da oferta educativa ao entorno social.

#### 2. Criterios en relación co alumnado:

- Canles de comunicación e de información.
- Participación na formación e implementación do plan.
- Espazos e tempo adicado á relación co alumnado



### 3. Criterios en relación ao centro:

- Clima de convivencia, no centro, nas aulas, nos espazos comúns.
- Normas de convivencia, centro e aula.
- Relacións entre alumnos, entre profesores, profesor-alumno-persoal de centro.
- Espazos, instalacións e mobiliario de centro que fomente dinámicas de convivencia.
- Efectividade das medidas para previr conflitos e formas de resolvelos.
- Resposta educativa á diversidade segundo o plan.

Os resultados e conclusións acadados do análise de avaliación incorporaranse ás actuacións de cara ó curso seguinte para fomentar e/ou previr situacións de influán negativamente na boa convivencia do centro. Polo que o Plan de Desenvolvemento xunto co NOF serán revisables anualmente e actualizables coas achegas resultantes, tendo que seren aprobadas polo claustro e consello escolar respectivamente.

## **7.2. Aprobación do plan**

Este plan de convivencia entrará en vigor no curso 2018/2019 despois da súa aprobación por parte do Consello Escolar e o Claustro e será revisable cada curso escolar e presentado para a súa aprobación no mes de xuño.



## 8. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

Bermúdez Anderson, Kira Et Al. *Mediación intercultural: una propuesta para la formación*. Popular: 2002.

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar: Artigo 6. A comisión de convivencia (páx. 3891-3892). DOG Núm.17 (Martes, 27 de xaneiro de 2015).

Decretos e artigos mencionados no Plan: artigo 10.1 da Lei 4/2011.

Torrego, J. C. (coord.) et al. *Mediación de conflictos en instituciones educativas: manual para formación de mediadores*. Narcea: 2000.

Torrego, J. C. *El plan de convivencia: fundamentos y recursos para su elaboración y desarrollo*. Alianza Editorial, 2008.

Torremorell Boque, M<sup>a</sup> Carmen. *Guía de mediación escolar. Programa comprensivo de actividades de 6 a 16 años*. Octaedro: 2002.

Xunta de Galicia (Dirección General de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa). *Orientaciones Plan de convivencia del centro educativo*. Educonvives: 2015.



## 9. ANEXOS

### ANEXO I - GUÍA DE MEDIACIÓN - Breve folleto informativo sobre que é a mediación

#### Qué é a mediación?

A mediación é un método para resolver disputas e conflitos. É un proceso voluntario no que se brinda a oportunidade a dúas persoas en conflito de reunirse cunha(s) terceira(s) persoa(s) neutral, mediadores ou mediadoras, para falar do seu problema e intentar chegar a un acordo. É un servizo educativo que intervén en conflitos interpersoais na escola, axudando a que as partes cheguen elas mesmas a un acordo.

#### Principios da mediación

- É un acto cooperativo, en lugar de competitivo
- Baséase nun proceso de resolución de conflitos
- Está orientado cara o futuro en vez de ó pasado
- Hai dous posibles gañadores
- Existe honestidade e franqueza
- É voluntario
- Preocúpase das necesidades en lugar das posicións
- Intenta homoxeneizar o poder
- Non é ameazante nin punitivo
- É confidencial

#### Quen pode ser mediador ou mediadora?

Calquera membro da comunidade educativa pode ser mediador. Nestes intres, as mediadoras coas que conta o centro son as integrantes do grupo de traballo en convivencia que forman parte á súa vez deste primeiro Equipo de Mediación, integrado na Comisión de Convivencia. Para seren mediadores ou mediadoras, cómpre ser *neutral, bó oínte, non xulgar, crer e manter a confianza, ser paciente e estar disposto a axudar ás partes.*

#### Proceso

O proceso conta con dous mediadores ou mediadoras ante quen as partes expoñen as súas posicións e intereses, para logo escoitarse mutuamente e propor solucións voluntarias. Acórdanse esas suxestións nun compromiso, sempre que sexan percibidas xustas por ámbalas dúas partes.

#### Conflitos típicos que se resolven na mediación

Aqueles que non supoñan transgresións graves das normas de convivencia tales como: disputas entre alumnado (insultos, rumores malintencionados, malas reputacións, etc.), conflitos entre profesores e entre profesores e alumnado, situacións que desagraden ou parezan inxustas, problemas entre profesores, familias e persoal non docente.

#### Outras opcións?

Aterse ó regulamento disciplinario da Escola, perder relacións interesantes, non facer nada e sentirse cada vez peor cos demais e con un mesmo ou mesma, manter o problema ou facer que se faga máis grave, repercutindo na convivencia xeral do centro.





## ANEXO II - GUÍA DE MEDIACIÓN - Como abordar situacións difíciles?

A continuación achéganse unhas suxestións sobre como abordalas:

### **As partes non respectan as normas pactadas**

Non as acuses. Simplemente lémbrales o que se acordara ó principio do proceso.

### **A comunicación está moi cortada**

Daste conta de que a mediación non avanza pero non sabes por que. Recorre ás sesións privadas para aclarar se hai intereses ocultos, para por que non están dispostos a se falar e colaborar.

### **Unha das partes está moi enfadada e insulta ós mediadores**

A mesma solución que para o punto anterior. Pide un receso e pospón a sesión para cando se calmen os ánimos.

### **Unha das partes di que estás sendo parcial**

Deixa que exprese os seus sentimentos e percepcións. Pregúntalle que lle fai pensar iso. Se insiste, solicita que outro mediador ou mediadora continúe o proceso de acompañamento.

### **Unha das partes non está a gusto**

Ou é a túa impresión, ou non colabora, ou ten dúbidas sobre a eficacia da mediación. Pódense recorrer á sesións privadas ou ben á propor outros mediadores.

### **As partes non chegan a unha solución conxunta e piden consello**

Recórdalles que o teu papel é favorecer que elas mesmas cheguen a un acordo e non impor un acordo que sería válido dende a túa perspectiva.

### **As partes non chegan a unha solución e a relación continúa rota**

Propón un acordo de mínimos, de maneira que polo menos a nivel operativo (compañeiros de departamento, alumando na mesma aula, profesor alumno) as relacións se poidan seguir mantendo nun nivel de respecto e formalidade básico.

### **Cuestiónase a mediación, como unha alternativa ó procedemento disciplinario normal**

Fala das consecuencias que tería para ambos non chegar a un acordo. Usa un ton de reflexión, pero nunca de ameaza.

### **As partes deciden non seguir coa mediación**

O máis importante é que saiban que o poden retomar no momento que desexen ou se sintan preparadas. Felicítaos polos esforzos e failles saber que a súa decisión é respectada.



## ANEXO III - GUÍA DE MEDIACIÓN - Erros comúns dos mediadores ou mediadoras

### Facer demasiadas preguntas

Non é fundamental dispoñer de máis información senón ter claro que dispós *da máis importante*. Practica a escoita activa e deixa que as partes se expresen *ao seu modo*, incluso respectando os seus silencios.

### Preguntar demasiados "porqués"

En lugar de: "*Por que lle insultaches?*", dille mellor: "*Cóntame máis do que ocorreu xusto antes de que el/ ela dixese que lle insultabas...*"

### Discutir cunha das partes

Non mostres desgusto nin te opoñas ao que diga unha das partes.

### Emitir xuízos

Non digas: "*Un de vós debe estar a mentir...*" senón: "*Ambos tedes puntos de vista diferentes sobre o que ocorreu*". Tampouco digas: "*Estas son bobadas...*"; di no seu lugar: "*Se isto os interesa especialmente podemos velo noutro momento*".

### Dar consellos

En lugar de dicir: "*Debedes lembrar o importante que é o respecto mutuo*", fórmulo como: "*Como vos gustaría que fose vosa relación no futuro?*"

### Ameazar ás partes

Non digas: "*Se non resolvedes isto teredes que solucionaralo cun expediente*". En cambio podes dicir: "*Acordastes tentar resolvelo, poida que sexa duro, pero a pesar diso avanzamos moito, e é importante que sigamos nese sentido*".

### Forzar a reconciliación

Será obvio cando as partes cheguen ao acordo, non o forces. Non lles pidas que sexan amigos outra vez, que pidan ou dean desculpas ou que se dean a man, pregúntalles: "*Que podedes facer para atoparvos máis satisfeitos?*" ou "*Que solucións serían máis xustas para as dúas partes?*"

### Impoñer a mediación

Indaga como lles afecta as decisións que están a tomar nese momento, a proxección que terá para eles no futuro, para que sexan conscientes do que son capaces. O máis importante é que saiban que poden retomalo no momento que se sentan preparados ou cando lles pareza oportuno, que teñen a porta aberta. Felicítaos polos esforzos que fixeron e o que colaboraron, e respecta os seus sentimentos de non querer continuar.



**ANEXO IV - GUÍA DE MEDIACIÓN - Rexistro do acordo para o proceso de mediación**

• Nós, ..... e ....., estamos de acordo en resolver o conflito e para que estes problemas non volvan repetirse no futuro, comprometémonos a:

• Debido ao noso compromiso de confidencialidade esixímonos mutuamente que:

• De ser necesario, volveremos revisar os acordos no prazo de

• O asinar este acordo comprometémonos a levar a cabo todo o anteriormente exposto.

Sinaturas das partes:

**Asdo:**.....

**Asdo:** .....

Sinaturas dos mediadores/as:

**Asdo:**.....

**Asdo:** .....

**Vilagarcía de Arousa, ..... de ..... de .....**

Torrego, J. C. (coord.) et al. *Mediación de conflictos en instituciones educativas: manual para formación de mediadores*. Narcea: 2000 (adaptado ao galego).

**ANEXO V - GUÍA DE MEDIACIÓN - Informe das persoas mediadoras**

<b>Participantes que interviñeron</b>			
<b>As partes:</b>			
Nome e curso:	<input type="checkbox"/>	Alumno/a	<input type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>	Profesor/a	<input type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>	Outro/a	<input type="checkbox"/>
		Nome e curso:	
<b>Mediadores/as</b>			
Nome e curso:	<input type="checkbox"/>	Alumno/a	<input type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>	Profesor/a	<input type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>	Outro/a	<input type="checkbox"/>
		Nome e curso:	
<b>¿Quen informou para a mediación do conflito?</b>			
Nome e curso:	<input type="checkbox"/>	Alumno/a	<input type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>	Profesor/a	<input type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>	Outro/a	<input type="checkbox"/>
		Nome e curso:	
<b>Sobre o conflito</b>			
<b>Tipo:</b> <input type="checkbox"/> De relación/comunicación: rumores, confusións, malos entendidos ou interpretacións.			
<input type="checkbox"/> Por intereses/necesidades. Por recursos: ter, acceder, prestar: tempos, espazos, obxectos e pola actividade, traballo ou tarefas.			
<input type="checkbox"/> Por preferencias, valores ou crenzas.			
<b>Breve descrición do conflito:</b>			
<b>¿Chegouse a un acordo?</b> <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON			
<b>Observacións:</b>			
<b>Data de inicio:</b>		<b>Data de finalización:</b>	

Torrego, J. C. (coord.) et al. *Mediación de conflictos en instituciones educativas: manual para formación de mediadores*. Narcea: 2000 (adaptado ao galego).



**ANEXO VI - GUÍA DE MEDIACIÓN - Formulario de seguimento do conflito**

O día ..... de ..... de ..... reunímonos os mediadores/as

1.
2.

para supervisar o acordado o día ..... de ..... de .....

**Cumpríronse os acordos?**

- SI
- NON

**Motivos polos que non se cumpriron. Explica brevemente as causas:**

**Medida proposta:**

- Arquivo do caso como non solucionado.
  - Comunicación do incumprimento ao Equipo de Mediación.
  - Volta á mediación.
  - Outra: .....
- .....
- .....

**Sinaturas dos mediadores/as:**

Asdo:..... Asdo: .....

Vilagarcía de Arousa, ..... de ..... de .....

*Adaptado do material de mediación dispoñible na web do IES Faro das Lúas, de Vilanova de Arousa.*



**ANEXO VII - GUÍA DE MEDIACIÓN - Modelo de actas de reunión para sesións de convivencia**

<b>ACTA REUNIÓN DO EQUIPO DE CONVIVENCIA</b>		
<b>Asistentes:</b>		
<b>Ausentes:</b>		
<b>Reunión Nº:</b> <b>Data:</b>	<b>Hora de Inicio:</b> <b>Hora Fin:</b>	<b>Secretario/a da reunión:</b>
<b>ORDE DO DÍA / DECISIÓNS TOMADAS</b>		
<b>DECISIÓNS ADOPTADAS</b>		
<b>ANEXOS</b>		
<b>Relación de asistentes:</b>		



**ANEXO VIII - GUÍA DE MEDIACIÓN - Parte de incidencias no centro**

Data:

Hora:

Alumnos/as:

Profesores/as:

Outras persoas implicadas:

<b>Incidencia (marcar o que proceda)</b>		<b>Actuacións inmediatas levadas a cabo(marcar o que proceda)</b>	
Interromper intencionadamente as clases		Chamada de atención privada	
Falta de respecto ao profesorado		Esixencia de petición pública de desculpas	
Falta de respecto ao alumnado		Esixencia de petición privada de desculpas	
Uso do móbil		Petición de abandono da aula	
Negarse a participar nas actividades da clase		Abandono da aula por parte do alumnado	
Mal uso do material ou das instalacións		Abandono da aula por parte do profesorado	
Outras:		Outras:	

En Vilagarcía, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_\_

**Asinado:**

**Nome e apelidos:**







## **ANEXO X - Organismos externos cos que colaboramos habitualmente na contorna.**

A Concellería da Muller do concello de Vilagarcía a través do **Centro de Información á Muller (CIM)** acreditados polo polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do home e da muller da Xunta de Galicia.

**Fundación Amigos de Galicia.** Sensibilización en centros Escolares de todo Galicia sobre a importancia do voluntariado.

**Liga Reumatolóxica Galega.**

**Asociación Galega de Linfedema.**

**Cruz Vermella O Salnés.**

**Cáritas Interparroquial de Arousa.**

**Programa de voluntariado das Bibliotecas Solidarias da Xunta de Galicia.**

**Esperanza Salnés.**

**Centro de Educación Especial en Vilagarcía.**

**AECC (Asociación Española contra el Cáncer**

**AFASAL (Asociacións de Familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias do Salnes**

**BATA (Bayon Asociación Tratamiento de Autismo**

**Solidaridade Galega co Pobo Saharai.** Programa de acollida “Vacaciones en paz”

**Centro Educativo y de día Princesa Letizia Asociación AMENCER**

**Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía de Arousa.**

**Centros de ensino de Infantil, Primaria e Secundaria da zona no marco da campaña “Tí que sabes facer?”: CEIP Viñagrande en San Miguel de Vilanova, CEIP A Escardia, CEIP A Lomba, entre outros.**



## **ANEXO XI - Enquisa de fin de curso**

Na fase de implementación do plan no curso 2018/2019 a Comisión de Convivencia será a encargada e elaborar e definir os instrumentos de avaliación contemplados no apartado de avaliación para a recollida de datos e achegas a analizar para a memoria final de curso.

Aquí temos un [exemplo de enquisa de fin de curso](#) que habería que adaptar ós criterios e indicadores a ter en conta na fase de avaliación.